



INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O "PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CREA A REDE ENTRE O SECTOR PESQUEIRO E ORGANISMOS CIENTÍFICOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA"

Visto o "Proxecto de orde pola que se crea a rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos na Comunidade Autónoma de Galicia", en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME:

I. FUNDAMENTACIÓN CONSTITUCIONAL, ESTATUTARIA E LEGAL

O artigo 148.1.11 da Constitución establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en "materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura". Por outra parte, o artigo 149.1.19 outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre "a pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se atribúan ás Comunidades Autónomas".

Sobre a base de tal fundamento constitucional, o Estatuto de Autonomía para Galicia establece que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva sobre "a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura" (artigo 27.15), e sobre "as confrarías de pescadores" (artigo 27.29); así como o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado da materia "ordenación do sector pesqueiro" (artigo 28.5).

De acordo con este marco competencial, promulgouse a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, que persegue como fins, entre outros dos establecidos no seu artigo 2, potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación na pesca, no marisqueo e na acuicultura, así como fomentar a cooperación entre os científicos e o sector. Tamén o artigo 115 sinala que a consellería competente en materia de pesca promoverá e adoptará



medidas para fomentar e realizar investigacións científicas e desenvolver tecnoloxías axeitadas no apoio da conservación e a ordenación dos recursos, mariños vivos, nos diferentes ámbitos de explotación e comercialización, mediante, entre outras actuacións, a promoción da cooperación entre as administracións públicas e os axentes económicos e sociais, nomeadamente as entidades asociativas do sector, e os centros de investigación.

Respecto á normativa comunitaria, o Regulamento (UE) n.º 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (en diante FEMP) establece no seu artigo 6 as prioridades da Unión Europea para contribuír á estratexia Europa 2020 e á aplicación da Política Pesqueira Común, en conexión cos obxectivos temáticos enumerados no artigo 9 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns aos Fondos Europeos. Neste sentido, o obxectivo temático 6 consiste en "conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos".

Doutra banda, a prioridade 1 do artigo 6 do citado Regulamento (UE) n.º 508/2014, fai mención a "fomentar unha pesca sustentable desde o punto de vista ambiental, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento", desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: "a redución do impacto da pesca no medio mariño, o que incluírá evitar e reducir, na medida do posible, as capturas non desexadas; a protección e a recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos; o equilibrio entre a capacidade pesqueira e as posibilidades de pesca dispoñibles; o fomento da competitividade e a viabilidade das empresas do sector da pesca, con inclusión da pesca costeira artesanal e mellora das condicións de seguridade e traballo; o apoio á consolidación do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación, incluído o aumento da eficiencia enerxética e a transferencia de coñecementos, e o desenvolvemento da formación profesional, de novas competencias profesionais e da formación permanente".

Dentro destes obxectivos inclúense accións dirixidas á creación de redes, acordos de asociación ou asociacións entre un ou varios organismos científicos independentes e o sector pesqueiro, nas que poden participar organismos técnicos.

Pola súa banda, o Programa Operativo español, no seu apartado 2.1, valora como unha oportunidade do FEMP a coordinación entre organismos científicos e sector, á vez que considera o reforzo da colaboración entre organismos



científicos, organismos xestores e sector como un dos principais obxectivos para obter un crecemento sustentable.

A estas previsións responde o presente proxecto, polo cal se crea a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, configurándose como un órgano colexiado dos previstos na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

II. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Tal como sinala a memoria xustificativa, coa creación da Rede preténdese fomentar o intercambio e transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira galega, e, no marco da súa creación, potenciar actividades como a recompilación de datos e actividades de xestión, estudos, proxectos piloto ou difusión de coñecementos e resultados de investigación.

III. ESTRUCTURA E CONTIDO

Respecto a súa configuración, o proxecto consta dun preámbulo e 10 artigos que ofrecen o seguinte detalle:

- Artigo 1. Creación e adscrición da Rede
- Artigo 2. Obxectivos da Rede
- Artigo 3. Funcións da Rede
- Artigo 4. Composición da Rede
- Artigo 5. Presidencia
- Artigo 6. Vicepresidencias
- Artigo 7. Secretaría
- Artigo 8. Vogais
- Artigo 9. Funcionamento da Rede
- Artigo 10. Adopción de acordos



Completan o proxecto dúas disposicións adicionais, a primeira determina que a constitución e funcionamento da Rede non suporá incremento do gasto público, e a segunda, referida a súa extinción; unha disposición transitoria única, referida á constitución da Rede; e dúas disposicións derradeiras, a primeira referida á facultade de desenvolvemento do disposto na orde, e a segunda indicativa da súa entrada en vigor.

IV. TRÁMITES REALIZADOS E RESULTADO DOS MESMOS

A elaboración do presente proxecto levouse a cabo pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, centro directivo a quen lle corresponde, entre outras, as competencias relacionadas co fomento da organización sectorial e a investigación mariña, de conformidade co disposto co artigo 12 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

Consta no expediente a memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade; a memoria económico-financieira e o informe do Servizo de Técnico-Xurídico.

Unha vez rematada a fase inicial de elaboración, o texto aprobouse pola conselleira do Mar como proxecto de orde, publicándose na páxina web do portal de Transparencia e Goberno aberto, de conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, durante o período comprendido entre o 2 de maio de 2022 e o 25 de maio de 2022, tal como consta no certificado da Dirección da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do 30 de maio de 2022.

Formularon alegacións ao texto o Consello Regulador do Mexillón de Galicia, a Organización de Produtores de Mexillón de Galicia (OPP-18) OPMEGA, a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Galicia, o GALP Costa da Morte, o GALP Golfo Ártabro Norte, o GALP Ría de Arousa e o GALP A Mariña e Ortegal, co resultado indicado na memoria de tramitación do 9 de xuño de 2022.



O proxecto foi informado favorablemente pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública o 24 de maio de 2022, ao ter encaixe nos escenarios orzamentarios.

Igualmente, con data 12 de maio de 2022., a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade emitiu informe sobre impacto de xénero, no que realiza unhas suxestións de mellora co resultado sinalado na memoria de tramitación.

Por razón do seu contido, o proxecto non precisou do informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

O proxecto tamén foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica o 22 de xuño de 2022, ao consideralo conforme ao ordenamento xurídico.

Visto o anterior, de acordo cos principios de boa regulación establecidos polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, en particular, cos de necesidade, proporcionalidade e eficacia, esta norma contén a regulación imprescindible para atender a súa finalidade. Igualmente, en virtude do principio de seguridade xurídica, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico e, en cumprimento do principio de transparencia, identifícanse con claridade nela os obxectivos perseguidos. Ademais, durante a súa tramitación promoveuse a participación da cidadanía, directamente e a través das organizacións interesadas, mediante os trámites de audiencia e publicación no portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

En consecuencia, tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente, polo que esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de orde.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2022
A secretaria xeral técnica



Silvia Cortiñas Fernández

